

Seminario de Etnografía Musical Galega



PROXECTO

CURSO 2009 -2010

DO

COLEXIO DIVINO MAESTRO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

**"A lingua é o asunto de máis vital importancia para un pobo,
pois somentes con lingua de seu, pode ter cultura de seu..."**

Vicente Risco

INTRODUCCIÓN

Este proxecto asume unha das iniciativas previstas para este curso e incluídas no Proxecto lingüístico de Centro, para dinamizar a lingua galega no noso centro. Aspecto e ou obxectivo que nos fai traballar arreo, decote, a prol do noso idioma e que nos leva a tomar decisións e a poñer en marcha medidas que xeren actitudes positivas cara á lingua galega.

Por iso o noso equipo de normalización debe ter e, de feito ten, un papel moi activo na vida do centro, co ánimo de contribuír a fomentar e a difundir a lingua galega e a desenvolver actividades innovadoras e creativas que involucran a toda a comunidade escolar (equipos docentes, departamentos, a todas as etapas e ciclos, ANPA, etc.).

A dinamización lingüística ademais debe estar planificada para ser máis eficaz e máis efectiva e porque nos permite ademais avaliarmos as accións realizadas e así, termos en conta aquelas actividades que teñen máis éxito, para lle darmos continuidade e desbotarmos aquelas que non callaron suficientemente ou non cumpriron o seu obxectivo e apostar por outras que callen e motiven o alumnado ao emprego da lingua galega.

O noso propósito é contribuír a mellorar a competencia lingüística en todas as linguas (as ambientais e as estranxeiras) como proxecto conxunto atendendo á diversidade lingüística e ao fomento do plurilingüismo, favorecendo a aprendizaxe autónoma de idiomas e as experiencias interculturais e, deste xeito, protexermos e garantirmos a diversidade lingüística e cultural.

No noso centro integramos na dinamización lingüística, no curso anterior, e na ensinanza das linguas a *conciencia lingüística* ou a *reflexión sobre a lingua e a comunicación*, co fin de mellorarmos a tarefa docente na aula e de adoptarmos un enfoque práctico sobre aquelas cuestións que se formulen nas clases das diferentes linguas, porque esa reflexión fai que a aprendizaxe sexa máis efectiva e favorece unha maior competencia comunicativa do alumnado.

No libro de Cots, J.M e doutros autores: *A conciencia lingüística na ensinanza das linguas*. Edit. Grao 2007, dise o seguinte:

“A conciencia lingüística, a reflexión sobre a lingua -metalingüística- favorece que o alumnado identifique o estreito vínculo entre as forma lingüísticas e as funcións comunicativas da linguaxe, á par que contribúe a que analice e mellore as súas destrezas orais e escritas”

Polo tanto, a iniciativa que presentamos neste proxecto procura, a través da música e da expresión cultural musical, potenciar o uso da lingua galega no noso centro educativo; conseguir que a lingua galega acade o prestixio que lle corresponde como lingua propia e que todos os axentes escolares se impliquen nel.

En concreto, trátase dun traballo de equipo e de colaboración entre todos o profesorado e departamentos coa colaboración e a participación máis directa da área de Música e do Dpto. De Normalización, coa finalidade de formar o alumnado na estrutura etnográfica galega.

E ademais, facendo fincapé no eido musical, explicándolle a importancia do **ciclo do ano** – agrario; así como do **ciclo vital humano** a través da tradición musical galega: dos **cantos de oficios** (de arrieiros, canteiros, de sega, mariñeiros...); dos **cantos de festas** (Nadal, magosto, romaxe, seráns...); e dos **cantos de berce**; dos cantos **de quintos**, **voda**, **regueifas**, **fúnebres**... e os **bailes** que se practican con eles.

É un proxecto flexible e axeitado á nosa realidade educativa e cremos que vai contribuír á dinamización lingüística do contexto e ao uso normalizado do galego.

Trátase pois dunha oferta educativa que vai permitir que o alumnado perciba a utilidade da lingua e o poida capacitar para usala con naturalidade e corrección.

Vai facilitar a prolongación da galeguización fóra do colexio, na contorna, e con ela van atopar referencias e espazos onde a comunicación en galego é algo normal.

Tamén vai favorecer que se relacionen con ámbitos de interese e que se impliquen no uso da lingua galega. E esa formación cultural garantiralle unha boa competencia lingüística.

T

1 OBXECTIVO XERAL DO PROXECTO

O obxectivo xeral do proxecto é o seguinte:

- Profundar no coñecemento das estruturas etnográficas galegas facendo especial fincapé no descubrimento da tradición cultural-musical e oral galega, que permita o achegamento á lingua e ao coñecemento da realidade sociocultural galega por parte do alumnado do centro.

2 XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

2.1 Situación sociolingüística do centro

O Colexio Divino Maestro está radicado na rúa Blanco Nájera, no denominado barrio de Santa Marta, na saída sur de Santiago de Compostela.

Santa Marta e a súa contorna é unha das áreas de maior expansión urbanística, nos últimos anos, en Santiago de Compostela.

Esta área compostelá estase a converter, devagar, nunha das máis modernas zonas urbanas da capital de Galicia, con bulevares axardinados, zonas verdes, comercios, a un paso do centro, rodeada polo Campus Sur da Universidade de Santiago e próxima aos hospitais Gil Casares e Clínico.

Trátase dun contorno anexado ao centro e ao ensanche da cidade cunha arquitectura vangardista, con novas rúas e nova poboación, con extraordinarios accesos ao centro compostelán, á autopista AP-9 e a outras partes e saídas da cidade.

A zona de influencia do colexio abrangue ao seu redor un espazo urbano amplo: Ensanche, Romero Donallo, Villaldía, Avda. de Ferrol, Conxo, A Volta do Castro, A Choupana, A Espiñeira, a Avda. de Barcelona, Avda. de Bilbao, Mestre Mateo; pero esténdese tamén a lugares como O Milladoiro, no concello de Ames, lindante co de Santiago de Compostela, do que recibe unha alta porcentaxe de alumnos.

2.2 Criterios para determinar a lingua predominante no contorno

A lingua predominante, foi establecida seguindo o indicado no artigo 7 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e tendo en conta a localización do colexio nunha zona urbana, descrita no apartado 2.1, e cos datos achegados polo Mapa sociolingüístico de Galicia, os estatísticos oficiais e coa información obtida dos pais e das nais dos/das alumnos/as.

O contorno lingüístico deste centro é **castelán-falante**. Volvemos salientar neste punto que a lingua maioritaria dos nosos adolescentes, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar é o castelán nos seus usos sociais.

O mapa sociolingüístico expresa claramente que é necesario prestar especial atención á análise da evolución da competencia lingüística nas cidades, xa que é onde se fala máis o castelán e onde se marcan os hábitos lingüísticos

Esta situación conleva a que adoptemos como liña de acción positiva o uso do galego con total naturalidade para conseguirmos que desaparezan os prexuízos e as actitudes negativas cara á súa utilización.

Os últimos estudos sinalan que as novas xeracións realizan a súa vida maioritariamente en castelán e indican que a mocidade identifica o uso do galego co atraso e este prexuízo abriu novas fronteiras relativas á percepción e ao valor social da lingua galega, á relación da identidade con respecto ao idioma, e como se interpreta o uso do galego en función do espazo territorial.

O alumnado debe sentirse estimulado para empregar o galego, ao comprobar que é útil para a comunicación.

Debemos buscar, pois o apoio das familias a través da ANPA para que colaboren na consecución do obxectivo deste proxecto establecido dentro do marco legal e básico para o ámbito educativo.

Temos pendente para este curso facermos unha revisión – análise e diagnóstico- da situación sociolingüística do centro que nos ofrezca unha maior obxectividade de cara á planificación lingüística dos vindeiros anos.

Con todo o noso centro reflicte a situación lingüística que se manifesta en xeral na sociedade galega con respecto ao idioma e á súa evolución sociolingüística. Tal e como se reflicte no estudo sobre a sociedade galega e o idioma, a evolución sociolingüística de Galicia de H. Monteagudo e Anxo Lorenzo onde se poden observar as porcentaxes de uso do galego nos diferentes tramos de idade.

2.3 Colaboración entre a Área de Música e o Departamento de Normalización.

No centro contamos cun recurso humano importantísimo do que podemos tirar moito proveito. No equipo docente temos unha profesora da área de Música, diplomada en Educación Musical, Licenciada en Historia e Ciencias da Música, e en Antropoloxía Social, doutoranda na especialidade de Etnomusicoloxía ou Antropoloxía da Música (en posesión do DEA e realizando a tese de doutoramento sobre “**O IDEARIO FRANQUISTA NA GALICIA PROXECTADA POR NO-DO. TÓPICOS CULTURAI S A PARTIR DA TRADICIÓN MUSICAL: 1943-1975**”)

O Departamento de Normalización, que conta con profesorado de todos os niveis educativos, sempre tivo unha preocupación especial polos temas musicais e pola tradición cultural no centro procurando desenvolver diversas actividades nos que a oralidade e a música fosen da man na celebración de actos ou nos festivais do centro.

En colaboración co Departamento de Orientación, o Dpto. de Normalización puxo en práctica a idea de darlle ao alumnado información sobre as actividades que desenvolven os centros socioculturais das zonas nas que maioritariamente residen (Ensanche, Conxo, O Milladoiro) os/s noso/as alumnos/as, co fin de vincularlos co seu contorno e de que tirasen proveito das súas ofertas culturais e deportivas.

Este curso xurdiu a necesidade de desenvolver un proxecto como este e que se estende á contorna que nos rodea e os relaciona con asociacións culturais, folclóricas ou con grupos musicais e con ámbitos do seu interese, o que tamén se xustifica orzamentariamente co que pretendemos levar a cabo e que se especifica no seguinte apartado.

2.4 Xustificación do orzamento:

A viabilidade deste proxecto depende dun bo financiamento xa que este proxecto prevé ter fondos musicais e afrontar os gastos necesarios que xere o seminario etnográfico e que este tipo de proxectos leva consigo xa que procuraremos:

- Ampliar a fonoteca do centro: con musica tradicional e folk galego.
- Afrontar o custe ou os pagamentos das actividades que impartan os/as invitados/invitadas a este seminario.
- Cubrir os gastos de coordinación do proxecto por parte da coordinadora que vai levar á práctica o seminario, os obradoiros musicais e as actividades previstas.
- Comprar algúns instrumentos tradicionais indispensables como: gaitas, bombo, tambor, caixa, pandeiretas, pandeiros cuadrados, pandeiras, tarrañolas, castañolas, charrasco, instrumentos de vento en xeral (wistels, flautas, pitos, palletas, asubíos, ocarinas, etc.)
- Cubrir tamén os gastos das saídas culturais e dos traballos de campo que se leven a cabo e,
- Adquirir material TIC, complementario para o proxecto.

3 OBXECTIVOS A CURTO E A LONGO PRAZO

Tendo en conta, pois, a situación sociolingüística e o noso afán emprendedor consideramos unha boa iniciativa poñer en práctica este seminario de acordo co obxectivo xeral expresado anteriormente e cos obxectivos a longo e a curto prazo que pretendemos acadar con este proxecto e que a continuación se relacionan e que son:

-Desprender o alumnado dos estigmas e preconceitos relacionados coa tradición musical galega, os seus intérpretes e dinámicas.

-Motivar o interese pola cultura propia, tanto no eido musical como no cultural en xeral, para que coñezan a realidade social e cultural de Galicia.

-Poñer en valor os nosos costumes e afondar na súa práctica para evitar a perda inmediata das estruturas culturais propias.

-Fomentar o uso da oralidade como un método histórico de comunicación en Galicia para que comprendan as posibilidades de comunicación cotiá que lles propón tal método.

-Espertar nos nosos alumnos e alumnas o interese e admiración polas xeracións que os precederon, a través do desfrute musical común.

- Educar que a música tradicional segue a ser un elemento evocador en persoas de moi diversas idades para que comprendan que por medio dela poden atopar puntos en común con xeracións anteriores.

-Fomentar o uso da lingua galega non só como un medio vehicular senón como un valor etnográfico e histórico engadido do pobo galego, tratando de motivar neles a comprensión de que un idioma é un modelo de pensamento e, polo tanto, reflexo dunha forma de ver e de entender a vida.

-Motivar neles un cambio de actitude con respecto aos usos lingüísticos, á tradición oral e musical galega, aos depositarios desa tradición facendo, ante todo, que gocen sinceramente desa experiencia compartida entre o profesorado, o alumnado e as persoas invitadas.

4. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

A) METODOLOXÍA

Alcanzaremos os nosos obxectivos fomentando no alumnado a aprendizaxe significativa pero sobre todo a participativa. A antropoloxía cultural basea o seu traballo na metodoloxía do traballo de campo, a través da observación participante. Tendo en conta que no centro contamos cunha antropóloga especialista na música tradicional galega afondaremos na participación activa do alumnado.

Para iso concibimos este proxecto, para desenvolver no noso centro un Seminario Etnográfico Musical que permita realizar:

- Unha actividade teórico-práctica dentro da aula (para 3.º ciclo de primaria e secundaria) de 3 horas en cada curso.
- Obradoiros coa participación de persoas invitadas ao seminario: músicos, antropólogos, historiadores, lingüistas, musicólogos, recolledores do folklore, etc.
- Traballos de campo, excursións pola comarca de Santiago, polos concellos de Teo, Ames, A Estrada, Vedra, etc. para os/as alumnos/as descubriren e recolleren a través da observación participante, diferentes aspectos etnográficos da zona.
- Invitar homes e mulleres maiores de 60 anos a participar no que denominamos como “**Tertulia Encontro**”, na que os máis novos descubran as historias, contos, lendas e cantos que os mais vellos teñen para compartir.
- Agún concerto didáctico con algún grupo folk galego no que os rapaces participen de forma activa: tocando, bailando, cantando ou ambientando dito concerto...

Creemos pois, que a denominación de *seminario* para este proxecto é a que mellor lle acae porque entendemos que, metodoloxicamente, se debe tratar dunha clase permanente na que o/ profesor/a se reúne cos alumnos/as para realizaren traballos de investigación e por ser esta unha iniciativa docente na que, por medio do traballo en común profesorado e alumnado intercambian, participan na investigación e na práctica do noso patrimonio cultural a través desta disciplina tan rica e tan viva que o pode axudar a mellorar a súa competencia oral e comunicativa.

B) ACTIVIDADES E CONTIDOS

Podemos desagregar os contidos xerais e as actividades deste seminario a partir dun contido xeral e de 3 actividades principais que son:

Actividade 1:

a) A socioloxía da música no pobo galego.

Desde un punto de vista sociolóxico no mundo do folclore musical galego debemos atender a dúas influencias.

- 1.- o ritmo da vida humana natural e
- 2.- o ciclo do ano.

A segunda influencia será a funcionalidade e características propias de cada un dos oficios que lles confiren, sen dúbida, determinados caracteres ás pezas musicais.

A música folclórica galega está influída, en primeiro lugar polo ritmo da vida dunha persoa.

Se tentamos aproximarnos ao canto desde o estritamente vinculado ao ciclo vital. Tan só na nenez e na mocidade podemos constatar cantos de tradición oral profano. O repertorio de cantos infantís confórmase como xénero musical propio. Musicalmente os ritmos son constantes e mesmo poden chegar a ser bailables.

A primeira clasificación coa que nos atopamos segundo o ritmo da vida é, sen dúbida, os **arrolos** ou **cantos de berce** con evidente ritmo pausado, letras baleiras en si mesmas e modalidades moi arcaicas.

Despois das cancións **infantís** e as cancións de **quintos** (15 anos) atopámonos co sacramento do **matrimonio** que pecha simbolicamente a mocidade cos **cantos de voda** principalmente coa **regueifa**. O canto só é parte do rico armazón musical que manifestan as vodas, doutra banda, cheas de significado social e antropolóxico.

Despois destes irían os **cantos de traballo** e os **cantos funerarios**, como non, ao final da vida. É moi famosa a Danza do Abellón de Cambados pola morte de Alfredo Brañas (co murmuro de xente).

Por outra banda falabamos da influencia do **ciclo do ano**: o **ano litúrxico** xira ao redor de dous momentos principais do tempo sacro-cristián: o nacemento e a morte de Cristo, o **Nadal** e a **Paixón**.

O segundo ciclo ten menor importancia musical xa que durante o período de Coresma estaba moi mal visto o non recollemento. A preparación da **Páscoa** incluía un repertorio moi limitado de cancións de carácter meditativo, relixioso e paralitúrxico. Durante a Semana Santa a percusión e as danzas de espadas son as que teñen un maior protagonismo.

Sobre o solsticio de inverno celébrase o Nadal. No campo musical destacan os cantos que se realzan o último día do ano e o día de Reis. Os cantos son narrativos. Os aninvos son interpretados con grupos de frautas, pandeiros, triángulos, cunchas e castañas.

No ano agrícola o repertorio de cantos de arada é significativo pero escaso: de ritmo libre, ámbito estreito e melismático.

Nin o **Magosto** nin o **Día de Defuntos**, caracterízanse por ter un repertorio especial aínda que podemos atopar cousas soltas como esta:

*Non chas quero, non chas quero,
Castañas do teu Magosto
Non chas quero, non chas quero,
Que me cheiran ó chamosco.*

Cara ao mes de febreiro celébrase o **Entroido**, Antroido. En maio, os **maios** que poden ser de varios tipos: maios humanos con nenos vestidos de vexetais, maios mariñeiros con aire de vals ou maios satírico burlescos.

A celebración da entrada de verán faise coa celebración do **San Xoán** onde os mozos andan de rolda toda a noite cantando na porta da casa da moza dando os famosos aturuxos.

Durante o inverno, coa abundancia de auga destacan os **días e noites de muiñada**, nome do baile máis propio galego.

Durante o ano os contextos lúdicos son as foliadas, que dan nome tamén a un tipo de canto e baile...

En xeral poderíamos visualizar o ciclo do ano así:

Ao principio ao falarmos do punto de vista sociolóxico musical falabamos, en realidade de dous puntos de vista: o ritmo da vida e o ciclo do ano que xuntos formaban o primeiro, e como segundo, a influencia dos oficios no folclore musical galego ao que damos paso agora.

A traba entendida como actividade humana con algunha manifestación física asociada necesita un compoñente rítmico de acompañamento que optimice a súa realización.

Ese compoñente rítmico propicia a canción aplicada a el. Un exemplo claro é o dos cantos de canteiros que axudan a desprazar as grandes pedras. Doutra banda temos os traballos sen ritmo determinado que inspiran os cantos de ritmo libre cunha riqueza melódica extrema.

Polo tanto, diferenciamos os **cantos de traballo** xa mencionados dos cantos que mencionan **oficios**. Por exemplo, os alalás ou pandeiradas que fan referencia e infórmanos dos traballos pero non requiren o contexto deste labor para interpretalos.

OFICIOS DE TRANSPORTE E COMUNICACIÓN

ARRIEIRO

Como xa dixemos é un oficio omnipresente na sociedade tradicional, necesario e imprescindible porque asegura o abastecemento a todos os lugares de alimento e bebida. O máis habitual é que se desprace dacabalo.

A súa actividade proporciónalle bastante diñeiro e ten sempre comida e bebida. Asíciase sempre ao home e escóitase sobre todo nos camiños onde anuncia a súa presenza. Musicalmente son lentos, cun único tema no que encaixan as letras.

OFICIOS DE CONSTRUCCIÓN

CANTEIROS

Hai cantos específicos que os acompañan e que indican a súa maneira de traballar marcando o ritmo necesario para mover as pedras ou para picar nas minas.

TRABALLOS DE CAMPO

LABRADOR

O labrador está presente en gran número de cantares. É o oficio con máis connotacións positivas de honradez e traballo. Nas letras obsérvase a asociación dunha filla dun labrador como un bo partido:

Sube ó alto, sube ó alto

Ao máis alto corredor,

Que verás como vai guapa

A filla do labrador.

MUIÑEIRO

Facémonos unha idea da importancia deste oficio no plano musical no mesmo momento en que hai mesmo un tipo de balle e canto que se refire a el especificamente: **a muiñeira**.

OFICIOS DE MAR

MARIÑEIROS

É notable a importancia na sociedade tradicional do mar. Musicalmente atopamos un gran número de cantigas que fan alusión á vida no mar e ás súas características. Nalgunhas ocasións tamén pode notarse no ritmo interno da peza o ritmo do remar mariñeiro:

Mariñeiro que vas ó mar

Navegando coa túa barquiña

Mariñeiro que vas ó mar

Leva o ritmo co teu remar.

MÚSICOS E BAILADORES

O músico por excelencia na sociedade galega é o gaiteiro xa que en toda festa importante debía de haber un como mínimo. Na canción popular se asocia a homes. Tamén os oficios de tamborileiro e bailador.

Unha volta pola medio

Outra polo derredor

Así fai o quen ben baila

Así fai o bailador.

b) Características musicais máis importantes.

A música tradicional galega é monofónica e non temperada en exclusividade polo menos até a metade do século XIX.

O feito moderno de untar instrumentos ou voces e ensaiar implica unha estandarización das afinacións e sobre todo, vinculado ao repertorio, un proceso de aprendizaxe por lectura musical, directa ou indirecta.

Por música popular (non tradicional) entenderemos un estilo baseado na boa afinación (temperada) na tonalidade e no amplo campo modulatorio. Estas características musicais modernas foron asimiladas, en distintos graos, polo sistema tradicional. O caso da gaita pode ser un exemplo xa que se xuntou a outras gaitas paulatinamente (cuarteto de gaitas) así como con outros instrumentos de corda e vento.

É tremendamente complicado dar unha unidade a todas as características musicais do folclore galego dada a diversidade cultural que existe nas distintas zonas galegas e o gran número de pezas recollidas así como o feito de que até hai pouco tempo non contabamos con sistemas de gravación e o folclore é de tradición oral; por todo isto, pode variar o canto dependendo da xeración, lugar...

Un pequeno dato anecdótico de como é o traballo de recollida folclórica en Galicia para as novas formacións de música folk é: catro amigos collen unha furgoneta , pérdense nun dos montes máis inaccesibles de Galicia até atopar un pobo. O chegar alí preguntanlle a alguén: quen é o máis vello do pobo? E alá vanse, cunha gravadora a gravar o que este home ou muller sexan capaces de lembrar.

1º- O repertorio galego na súa maioría é monódico, a unha soa voz. Polo menos até o s. XX cando aparece o canto a terceiras ou un bordón ou nota pedal.

O canto a terceiras, ascendente ou descendente, hoxe en día é moi recorrido dentro do folclore, como xa veremos, pero se trata en todo momento de arranxos sobre unha melodía única. Non hai polifonía.

2º- Desde o punto de vista do ámbito melódico o repertorio tradicional caracterízase polo uso dun ámbito melódico curto, o normal sería a extensión dunha 8ª e en raras ocasións a 9ª. Os intervalos adoitan ser entre a 4ª e a 6ª sendo moi raros os saltos superiores a esta.

3º- A tesitura tamén é extremadamente varada. Aínda así é posible advertir a preferencia da tesitura aguda nos cantos bailables e aqueles que se acompañan con percusión, doutro instrumento melódico ou que se realizan nun espazo aberto. Máis graves son as tesituras escollidas nos cantos narrativos ou nos cantos de berce. O papel desempeñado por mórrelas e os nenos na práctica do canto é destacado e isto explica a abundancia en tesituras agudas.

4º- A ornamentación é abundante aínda que non sistemática. Un claro exemplo de ornamentación en determinados xéneros como o canto de cego ou de arada é o melisma: fenómeno musical no que unha sílaba do texto correspóndese con varas notas de diferentes Alturas e duración.

5º- No que se refire ao debuxo melódico existe unha clara tendencia a desenvolver un arco directamente descendente ou ascendente e despois descendente. Este mesmo deseño obsérvase tamén en progresión cadenciais.

6º- No que se refire ás escalas, a variedade de escalas modais escapa a calquera redución pero non queda máis remedio.

7º- No que se refire ao ritmo hai tres patróns rítmicos: ritmo libre, medido e marcado.

SENTIDO PEDAGÓXICO

Todas e cada unha destas características fan que o canto galego sexa de grande adaptabilidade na aula. Se nos centramos punto por punto temos en primeiro lugar que é un canto arcaicamente monódico o que favorece a afinación e o canto colectivo na aula. Podemos corrixir problemas de afinación e técnica vogal ademais de que comprobarán o gusto de cantar en grupo.

Ademais diso podemos, máis adiante, introducir o **canto a terceiras** ascendente ou descendente para comezar co canto a voces, pero só cando xa logren cantar afinadamente. Recomendo que todos aprendan as voces de todos e poñan especial interese auditivo ao cantar para comprobar o efecto harmónico das voces.

Se falamos do ámbito melódico, diciamos que se trata dunha extensión melódica reducida, apta para os nenos para aos poucos r ampliando o seu rexistro vocal.

Podemos elixir as pezas segundo o que comentabamos antes sobre as pezas con tesitura aguda ou grave dependendo ante que tipo de grupo nos atopemos.

Os intervalos, ao non ser saltos amplos, son de fácil reprodución vocal polos nenos e ademais así traballamos a discriminación interválica auditiva.

No que se refire ao deseño ou debuxo melódico dicíamos que hai un claro arco descendente. Podemos elixir pezas que así o confirmen para facer xogos visuais de liña melódica. Exemplo destes xogos pode ser que o profesor debuxe no encerado a liña melódica da canción e os nenos vaian seguíndoa co dedo mentres a cantamos, o que ademais fará que a aprendan..

No caso que se refire ao texto, é comprensible que a un neno italiano cústelle traballo cantar algo nunha lingua que non é a súa, a pesar do parecido entre o galego e o italiano, pero por suposto hai a posibilidade de traducilas á súa lingua materna.

Ao ser letras divertidas os alumnos adoitan sentirse máis motivados tanto á hora de cantalas como á hora de interpretalas instrumentalmente. De todas as maneiras hai que ter un factor moi en conta nos textos. Por ser un tipo de música de xentes iletradas que pasaban por unha situación político-social complexa (ditadura franquista) nalgunhas letras é clarísimo o sentido sexista que favorece a imaxe social do home e fai o contrario coa muller.

Nunha sociedade que se alza nos valores da igualdade, liberdade e tolerancia debemos fomentar a igualdade entre sexos xa desde infantil para crear unha sociedade equilibrada en pesos, valores e importancia social. Isto non quere dicir en absoluto que fagamos un traballo de censura con todos os textos cos que nos atopemos xa que debemos lembrar o sentido humorístico do contido, sendo só iso, humor. Tamén podemos usar algunha destas letras para educar precisamente no contrario facendo unha sinxela comparación histórica do status social de cada sexo.

Temos tamén letras moi interesantes que tratan a figura da muller como unha figura con grandísimo peso. Ao longo do século e medio de emigración en Galicia a muller foi a que se encargou de seguir adiante. A galega é forte, ten carácter, é agradecida e gran traballadora e todo iso aparece reflectido en gran número de pezas

Actividade 2:

Tipos de instrumentos e agrupacións de folclore galego.

O obxectivo principal deste punto non é outro que o de proporcionar os coñecementos teóricos e instrumentais necesarios para adaptalos ao alumnado.

Imos dicir que nos tempos dos meus bisavós e poder adquisitivo de individuo galego non era o que se di alto. Daba o xusto para que unha familia de 12 ou 14 membros puidese vivir e comer. Por tanto o luxo de encargarse un instrumento musical a unha artesán era algo que só algúns poucos afortunados podíanse permitir. Pero aínda así, isto xamais foi un problema ante as ganas de practicar a música para os meus antecesores.

Ao falar de instrumentos musicais non entendemos só os recoñecidos como talles, senón todos aqueles produtores de son, que, sen ter unha función específica para tal labor, poden ser usados con fins sonoros. Así incluímos neste grupo desde os instrumentos de traballo agrícola que se usan para acompañar o canto até outros de uso doméstico.

A maioría destes, nados pola necesidade de subsistir a outros considerados máis musicais, acabáronse por impor e hoxe en día xa son insubstituíbles

Así pois, na clasificación temos 4 tipos de instrumentos:

1-Ideófonos: o material do instrumento produce son grazas á súa rixidez e elasticidade, sen necesidade de cordas ou membranas tensas.

2-Membranófonos: as membranas, estiradas rixidamente, son as produtoras de son.

3-Cordófonos: unha ou varias cordas tensadas entre dous puntos fixos.

4-Aerófonos: para producir son faise vibrar o aire.

Existe o concepto erróneo de que os instrumentos de percusión son instrumentos menores, de pouca importancia e mesmo fáciles de tocar cando pola contra, na nosa música, constitúen o grupo máis rico e descoñecido da nosa música tradicional.

Non podemos entender a música tradicional, tanto instrumental como vocal, sen o acompañamento dos instrumentos de percusión.

1º-IDEÓFONOS: Dividido en 4 subgrupos.

Ideófonos de entrochoque:

a) **Ideófonos de percusión:**

b) **Ideófonos de sacudida:**

c) **Ideófonos de raspadura:**

2º -MEMBRANÓFONOS

3º -CORDÓFONOS:

4º AERÓFONOS: Considerados como los instrumentos melódicos por excelencia.

AGRUPACIÓNS MUSICAIS DENTRO DO FOLCLORE GALEGO.

Tipos de traxes rexionais do folclore galego.

Roupa feminina:

Roupa masculina

Actividade 3:

Tipos de canto dentro do folclore galego:

Muiñeira e pandeirada:

Muiñeira:

Pandeiradas:

O pasodobre galego.

Actividade 4:

Aprendizaxe do baile da muiñeira e pandeirada

Actividade 5:

Aprendizaxe do pasodobre.

Actividade 6:

Tipos de cantos do folclore galego.

1A jota e a foliada:

1.1 a jota:

1.2 a foliada.

1.3. a polca.

RECURSOS

Para desenvolver estas actividades no Seminario etnográfico musical contamos cunha aula de música e cunha aula de informática para traballar con recursos en rede sobre a nosa etnografía musical, facendo así uso das TIC. Nesta aula hai tamén un taboleiro dixital.

Na aula contamos cunha pequena fonoteca e material que achega a profesora e que lle pode solicitar ao alumnado. Cómpre ampliar a fonoteca para ter un material amplo e variado para traballar con el.

Dispoñemos de diversos instrumentos musicais e coa posta en marcha do seminario cremos necesario comprar máis instrumentos para llo facilitar ao alumnado.

D) COLABORACIÓNS

Como se sinala anteriormente, procuramos que a galeguización do noso centro se estenda á contorna. Por iso, este proxecto considera imprescindible a colaboración entre todo o profesorado e o alumnado e que esta colaboración se prolongue a fóra do ámbito escolar, aos concellos dos arredores e con asociación culturais e musicais e grupos musicais que van participar e colaborar con este seminario.

A porcentaxe máis alta do proxecto vai contar coa implicación máis directa da área de música e do Dpto. de Normalización e tamén cos/cas titores/as de 3.º ciclo de EPO e con todo o de secundaria. Esta porcentaxe supón a implicación directa dun 45% do alumnado e dun 30 % do profesorado. E, indirectamente e, para algunha acción concreta -se implicará á totalidade do alumnado e do claustro.

A coordinadora do proxecto encargárase do contacto coas entidades, as asociación, grupos e persoas do para colaboraren nas actividades deste seminario.

E) PLAN DE AVALIACIÓN

O proxecto ten en conta un plan de avaliación

- Seguimento do proxecto e valoración anual do traballo e das actividades desenvolvidas por medio dun informe-memoria.
- Terase tamén en conta a valoración dos/as alumnos/as desta iniciativa innovadora a través dunha enquisa na que poidan expresar libremente sobre as actividades feitas e indicar o seu grao de satisfacción.

- Así mesmo considerarase como referencia importante a valoración que fagan o/as invitados/as ao seminario, durante o curso.

F) MEDIDAS DE DIFUSIÓN

O seminario etnográfico musical difundirase nos taboleiros do centro, no Guieiro escolar, na axenda escolar que dá conta de toda a información senlleira do curso académico e que reciben os/as pais e nais e toda a comunidade escolar e tamén terá un espazo e ou unha sección na revista colexial anual.

Tamén se ofrecerá información concreta a través de notas informativas nos medios de comunicación social locais: prensa, radio e tv.

A directora,

Asdo.: Felisa Carrera Carrera

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2009